



## CONCELLO DE BEGONTE

**DECRETO DA ALCALDÍA.-** Begonte, a 20 de marzo de 2019.

**ASUNTO:** Convocatoria para selección con carácter laboral temporal de 1 Auxiliar administrativo PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2018.

Vista a convocatoria realizada para a selección con carácter laboral temporal de 1 **Auxiliar Administrativo duración 6 meses e xornada 100%**, PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2018 (Financiado pola Deputación Provincial de Lugo).

Visto, o disposto nas correspondentes bases reguladoras, aprobadas por Resolución desta Alcaldía de data 27 de febreiro de 2019,

Pola presente, e en virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local, RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Designar ao Tribunal cualificador do devandito proceso selectivo composto polas seguintes persoas:

**Presidenta:** Dna. Natalia Puente Piñeiro, Persoal do Concello de Begonte.

Suplente: D. José López González, Persoal do Concello de Paradela.

**Vogais:**

Dna. Sara Martínez Ferreiro, Persoal do Concello de Begonte.

**Suplente:** Dna. Elisa Muñoz Álvarez, Persoal do Concello de Baralla.

Dna. Carmen Vázquez García, Persoal Concello de Begonte.

**Suplente:** D. Julio González Casanova, Persoal do Concello de Friol.

D. Manuel Seijas Ferreiro, Persoal do Concello de Begonte.

**Suplente:** Dna. Ana Sampedro Millares, Persoal Funcionario do Concello de Castroverde.

**Secretaria:** Dna. M<sup>a</sup> Jesús Blanco Prado, Persoal do Concello de Begonte.

Suplente: D. Antonio Lorenzo Morandeira, Persoal do Concello de Begonte.

**SEGUNDO.-** Convocar ao Tribunal de selección cualificador para o vindeiro luns, día 26 de marzo de 2019 ás 10h45 horas na Casa da Cultura de Begonte, para a súa constitución e proceder a continuación á realización da entrevista.

Convocar asemade, en único chamamento, aos aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego aos efectos da realización da selección no seguinte horario:

- 11.00 h. na Casa da Cultura de Begonte, entrevista dos aspirantes

\* Os aspirantes deberán ir provistos de D.N.I. ou documento identificativo e de 9h a 10h30 do mesmo día presentar documentación xustificativa dos requisitos e os méritos nas oficinas municipais avda. de Galicia nº17 baixo.

**TERCEIRO.-** Publicar esta resolución no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e Páxina Web, coa indicación de que contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ante esta Alcaldía ou directamente recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de



## CONCELLO DE BEGONTE

Lugo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do edicto.

Acórdao, mándao e asínao o Sr. Alcalde- Presidente, en Begonte a vinte de marzo de dous mil dezanove, do que eu Secretario certifico.

O Alcalde- Presidente

O Secretario- Interventor.

Asdo. José Ulla Rocha.

Asdo. Antonio Lorenzo Morandeira.